

BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA

D.L.: C-1-1958

XOVES, 17 DE OUTUBRO DE 2024 JUEVES, 17 DE OCTUBRE DE 2024 | BOP NÚMERO 201

ADMINISTRACIÓN LOCAL **MUNICIPAL**

VEDRA

Convocatoria de subvenciones y ayudas públicas

Convocatoria de ayudas para estudios del Ayuntamiento de Vedra. Curso 2024/2025

BDNS (Identif.): 790603

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/790603)

1.- Beneficiarios.

Para ser persona beneficiaria de estas ayudas es necesario cumplir los siguientes requisitos:

Cursar estudios en algún centro de enseñanza para los que se solicita la ayuda:

INFANTIL Y PRIMARIA: Todos los centros públicos del Ayuntamiento de Vedra.

ESO: CPI de Vedra.

FP: Cualquier centro público de Galicia

BACHILLERATO: Cualquier centro público de Galicia.

UNIVERSITARIOS: Cualquier Universidad pública gallega, excepto que la titulación que estudie non exista en el Sistema Universitario Gallego.

ENSEÑANZAS DE RÉGIMEN ESPECIAL-ENSEÑANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES: Cualquier centro gallego.

El alumnado cuyas necesidades educativas especiales impidan su escolarización en un centro ordinario del municipio, podrá solicitar la ayuda para la asistencia a un Centro de educación especial de Galicia.

En el caso de que el alumnado curse dos o más estudios oficiales deberá elegir para cual solicita la ayuda. En el caso de no hacerlo se le requerirá para que en el plazo de 10 días comuniqué su elección y de no contestar decidirá la Comisión Avaliadora de las ayudas.

La edad del alumnado está comprendida entre los 3 y los 25 años, ambos incluidos

Que la renta per cápita no supere los límites establecidos en la base 6ª de la presente convocatoria.

La persona solicitante y la beneficiaria de la ayuda deberán estar empadronados/as en el Ayuntamiento de Vedra en el momento de presentación de la solicitud y ser hijo/a dependiente económicamente. En el caso de que el/la solicitante sea menor de 25 años y desempeñe actividad laboral o perciba otros ingresos, podrá acceder a esta ayuda, a tal efecto se computarán dichos ingresos al 50%.

Cumplir los requisitos para obtener la condición de persona beneficiaria, establecidos en los artículos 13 de la Ley 38/2003, del 17 de noviembre, General de Subvenciones y en el artículo 10 de la Ley 9/2007, del 13 de junio, de Subvenciones de Galicia.

Las ayudas serán solicitadas por los representantes legales del alumnado: los padres/madres, tutores/as y representantes legales. En el caso de alumnos/as de entre 18 y 25 años podrán solicitarlas también las propias personas beneficiarias.

Podrán ser personas beneficiarias de ayuda de transporte los estudiantes que no cuenten con transporte gratuito a sus centros de enseñanza y no reúnan las condiciones necesarias para ser bonificados por la tarjeta de transporte metropolitano ni para ser titulares de la tarjeta "xente nova" para menores de 21 años. Para poder acceder a este tipo de ayuda la persona interesada deberá declarar responsablemente no reunir las condiciones para ser beneficiaria de transporte bonificado y no disponer de transporte escolar gratuito, mediante la señalización de este extremo y firma en la declaración responsable que figura en el Anexo II. El alumnado que puede acceder a la ayuda al transporte deberá cursar alguna de las siguientes enseñanzas:

Formación Profesional.

Bachillerato.

Estudios Universitarios.

Enseñanzas de régimen especial.

2.- Objeto y finalidad

La presente convocatoria pública de subvenciones tendrá como objeto la concesión de ayudas de estudios destinadas a favorecer la escolarización pública y la formación universitaria y profesional en familias del Ayuntamiento de Vedra.

Se establecen dos modalidades:

Ayudas para estudios: destinada a la adquisición de material escolar. El contenido de esta ayuda se especifica en el Anexo II de las bases reguladoras

Ayudas al transporte: Destinada al uso de transporte para acudir al centro de enseñanza correspondiente

Estas ayudas se enmarcan dentro del Plan estratégico de subvenciones del ayuntamiento de Vedra para el periodo 2024/2026 (BOP núm. 4/24, del 04 de enero), concretamente en la línea estratégica 1"Asistencia Social", apartado1.4 "Material escolar y transporte"

3.- Bases reguladoras

La presente convocatoria incorpora las bases específicas que contiene la regulación particular del procedimiento de concesión, de acuerdo con la posibilidad prevista en el artículo 23.2) de la Ley General de Subvenciones

Será de aplicación en la tramitación y resolución de las mismas la Ordenanza general de subvenciones del Ayuntamiento de Vedra (BOP núm. 183/23, do 25 de septiembre)

4.- Lugar y plazo de presentación de solicitudes.

Las solicitudes podrán presentarse a través de la Sede Electrónica municipal (https://sede.vedra.es), en el Registro General del Ayuntamiento de Vedra o por cualquiera de los medios previstos en el artículo 16.4 de la Ley 39/2015, del 1 de octubre (LPACAP).

El plazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles contados a partir del siguiente a la publicación del extracto de la convocatoria en el BOP.

La documentación a presentar figura en la base tercera de las bases reguladoras de la convocatoria

5.- Crédito e importe de las ayudas

Importe máximo de la convocatoria: 10.000 euros.

La cuantía de las ayudas figura en la base quinta de las reguladoras de la convocatoria

6.- Valoración de las solicitudes

La valoración de las solicitudes se llevará a cabo de acuerdo con lo establecido en la base sexta de las bases reguladoras de la convocatoria

7.- Otros datos

El día de la publicación del presente extracto en el BOP se procederá a la publicación del texto íntegro de la convocatoria en la página web municipal (www.concellodevedra.es) y en el tablón de anuncios de la sede electrónica (https://sede.vedra.es), así como de los modelos a los que deberán ajustarse las solicitudes..

VEDRA

14/10/2024

Carlos Martínez Carrillo (Alcalde -Presidente)



Convocatoria de axudas para o estudo do Concello de Vedra. Curso 2024/2025

BDNS (Identif.): 790603

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/790603)

1.- Beneficiarios.

Xoves, 17 de outubro de 2024

Para ser persoa beneficiaria desta axuda é preciso cumprir os seguintes requisitos:

Cursar estudos nalgún dos seguintes centros de ensino para os que se solicita a axuda:

INFANTIL E PRIMERIA: Todos os centros públicos do Concello de Vedra.

ESO: CPI de Vedra.

FP: Calquera centro público de Galicia

BACHARELATO: Calquera centro público de Galicia

UNIVERSITARIOS: Calquera universidade pública galega, agás que a titulación que estude non exista no Sistema Universitario Galego.

ENSINANZAS DE RÉXIME ESPECIAL-ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES: Calquera centro galego.

O alumnado cuxas necesidades educativas especiais impidan a súa escolarización nun centro ordinario do municipio, poderá solicitar a axuda para a asistencia a un centro de educación especial de Galicia

No caso de que o alumnado curse dous ou máis estudos oficiais, deberá escoller para cal deles solicita a axuda. No suposto de que non faga a elección, requiriráselle para que no prazo de 10 días comunique a súa elección. De non contestar decidirá a Comisión Avaliadora das axudas

A idade do alumando está comprendida entre os 3 e os 25 anos, ambos incluídos

Que a renda per cápita non supere os límites establecidos na base 6ª da presente convocatoria.

A persoa solicitante e a beneficiaria da axuda deberán estar empadroada no Concello de Vedra no momento de presentación da solicitude e ser fillo/a dependente economicamente. No caso de que a persoa solicitante sexa menor de 25 anos e desenvolva actividade laboral ou perciba outros ingresos, poderá acceder a esta axuda, a tal efecto computaránselle ditos ingresos ao 50%.

Cumprir os requisitos para obter a condición de persoa beneficiaria, recollidos nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As axudas serán solicitadas polos representantes legais do alumnado: os pais/nais, titores/as e representantes legais. No caso de alumnado de entre 18 e 25 anos poderán facelo tamén as propias persoas beneficiarias.

Poderán ser persoas beneficiarias da axuda de transporte os estudantes que non conten con transporte gratuíto aos seus centros de ensino e os que non reúnen as condicións necesarias para ser bonificados pola tarxeta de transporte metropolitano nin para ser titulares da tarxeta xente nova para menores de 21 anos. Para poder acceder a este tipo de axuda a persoa interesada deberá declarar responsablemente non reunir as condicións para ser beneficiaria do transporte bonificado e non dispoñer de transporte escolar gratuíto, mediante a sinalización deste extremo e firma na declaración responsable recollida no Anexo I. O alumnado que pode acceder á axuda ao transporte deberá cursar algunha das seguintes ensinanzas:

Formación Profesional.

Bacharelato.

Estudos universitarios.

Ensinanzas de réxime especial.

2.- Obxecto e finalidade

A presente convocatoria pública de subvencións terá como obxecto a concesión de axudas de estudos destinadas a favorecer a escolarización pública e a formación universitaria e profesional en familias do Concello de Vedra.

Establécense dúas modalidades:

a) Axuda ao ensino: Destinada á adquisición de material escolar. O contido desta axuda especifícase no Anexo II das presentes bases reguladoras.

b) Axuda ao transporte: Destinada ao uso de transporte para acudir ao centro de ensino correspondente.

Estas axudas enmárcanse dentro do Plan estratéxico de subvención (PES) do concello de Vedra para o período 2024/2026 (BOP núm. 4/24, do 04 de xaneiro), concretamente na liña 1 "Asistencia social", apartado 1.4 "Material escolar e transporte"

3.- Bases reguladoras

A presente convocatoria incorpora as bases específicas que conteñen as regulacións particulares do procedemento de concesión, de acordo coa posibilidade prevista no artigo 23.2) da Lei Xeral de Subvencións

Será de aplicación na tramitación e resolución das mesmas a Ordenanza xeral de subvencións do concello de Vedra (BOP núm. 183/23, do 25 de setembro)

4.- Lugar e prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes poderán presentarse a través da Sede Electrónica municipal (https://sede.vedra.es), no Rexistro Xeral do Concello de Vedra ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro (LPACAP)

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles contados a partir do seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOP

A documentación a presentar figura na base terceira das reguladoras da convocatoria.

5.- Crédito e importe das axudas

Importe máximo da convocatoria: 10.000 euros

A contía das axudas figura na base quinta das reguladoras da convocatoria

6..- Valoración das solicitudes

A valoración das solicitudes farase de acordo co establecido na base sexta das bases reguladoras da convocatoria

7- Outros datos

O día da publicación do presente extracto no BOP procederase á publicación do texto íntegro da convocatoria na páxina web municipal (www.concellodevedra.es) e no taboleiro de anuncios da sede electrónica (https://sede.vedra.es), así como dos modelos aos que deberán axustarse ás solicitudes

Vedra

14/10/2024

Carlos Martínez Carrillo (Alcalde -Presidente)

2024/7231